

PLAN A COLLIDA



CEIP A XUNQUEIRA 1

Índice

➤ INTRODUCCIÓN.....	2
➤ OBXECTIVOS E FINALIDADES.....	4
➤ MEDIDAS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	6
➤ PROPOSTAS E SUXESTIÓNS.....	7
➤ CALENDARIO E HORARIO.....	13
➤ AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA.....	13
➤ REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E LEXISLATIVAS.....	15

➤ INTRODUCCIÓN.

A **educación infantil** é o primeiro tramo do actual sistema educativo. O tramo que nos ocupa é o **segundo ciclo, de 3 a 6 anos**.

A escolarización nestas idades non é obrigatoria. Con todo, considérase primordial para estimular e desenvolver todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais, sociais e morais.


As experiencias vividas nos primeiros anos de vida dunha persoa son de gran importancia no seu desenvolvemento posterior. Por iso é fundamental:



O feito de ir por primeira vez á escola é un gran paso na historia dos nenos e nenas. Implica a saída do medio familiar e a incorporación a un medio descoñecido. Desta separación neno/a - familia e de como se resolvan estas primeiras experiencias, dependerá a visión que cada neno e nena se forme sobre o colexio e influirá na súa actitude cara a escola, incidirá no seu proceso de socialización e nas súas aprendizaxes. De aí a gran importancia que ten a aplicación do período de adaptación.

Para os nenos e nenas destas idades ese tránsito da vida familiar á vida escolar é só un pasiño máis no seu proceso de crecemento que está pasando, nestes intres, por unha fase especialmente importante. Están construíndo as bases da súa personalidade e, nese proceso, cada nova etapa que se abre incorpora elementos e ferramentas novas.

A elaboración do **plan de acollida de educación infantil** correspóndelle ao profesorado desta etapa educativa, en colaboración co Departamento de Orientación.



O Plan de Acollida é o conxunto de fases pola que o alumnado chega a adaptarse a un medio novo, o medio escolar, que non é coñecido nin habitual para el.

Se a colaboración dos pais e nais é importante ao longo de toda a escolaridade, aínda o é máis na etapa de educación infantil, xa que con ela e co seu apoio contribuirán a darlles confianza e seguridade.

Segundo a Orde do 25 de xuño de 2009 (DOG 10 de xullo de 2009) pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil, os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe.

A organización deste período garantirá a integración gradual do alumnado de nova incorporación desde o inicio das actividades lectivas. Este período en ningún caso poderá superar o indicado no calendario escolar publicado no DOG.

É moi importante que o profesorado facilite dende o principio o establecemento de relacións positivas, dedique parte do tempo de aula a procesos de grupo e relacións interpersoais, así como a cuestións de orde, normas e disciplina. Todo elo incide nunha boa convivencia. O grupo debe asegurar o desenvolvemento da autoconfianza, a autoestima, a toma de conciencia do valor dos sentimentos propios e alleos, a empatía, o manexo das emocións, así como o tratamento de conflitos que se presentan ao longo do curso.

➤ **OBXECTIVOS E FINALIDADES.**

A superación do proceso de adaptación supón:

- ☞ Autoafirmación
- ☞ Crecemento das posibilidades persoais
- ☞ Ampliación do mundo relacional
- ☞ Novas aprendizaxes
- ☞ Descubrimento da escola como lugar agradable

Por iso, os **obxectivos** que perseguimos neste proceso son:

- ⇒ Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- ⇒ Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- ⇒ Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
- ⇒ Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites, ...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- ⇒ Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- ⇒ Xerar relacións vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
- ⇒ Descubrir o gozo de estar coas outras e cos outros nun ambiente estimulante.

Con este plan de acollida pretendemos que os nenos e nenas recoñezan a escola como un lugar propio que lle aporta unha gran cantidade de novas experiencias que van contribuír decisivamente ao seu desenvolvemento persoal.

Os obxectivos deste proceso conseguiranse **promovendo**:

→ Que alumnado e familias expresen os seu propios sentimentos e expectativas cara á escola.

→ Que cada nena e cada neno se sinta acollida e acollido grazas ao contacto físico e ao diálogo persoal.

→ Que alumnado e familias coñezan o contexto escolar: os espazos escolares, organización, uso das zonas comúns, ...

→ Que alumnado e familias coñezan o profesorado.

→ Que alumnado e familias coñezan ás compañeiras e ós compañeiros da escola.

→ Que o alumnado se recoñeza paulatinamente parte integrante do grupo.

→ Que as familias se sintan parte da comunidade educativa.

→ Que alumnado e familias participen no proxecto, nas actividades e das normas da escola.

→ Que o alumnado se familiarice con materiais e actividades cotiás da escola infantil.

→ Que alumnado e familias integren o ritmo escolar e os horarios nos seus hábitos de sono, alimentación, descanso, tempos de xogo, ...

➤ **MEDIDAS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.**

A NIVEL DE CENTRO

- ☑ Elaboración dun folleto informativo, revisable cada curso, sobre aspectos relativos ao período de adaptación para entregarlle ás familias.
- ☑ Reunión entre o equipo directivo, o equipo de educación infantil e a orientadora para organizar o período de adaptación.

A NIVEL DE FAMILIA

- ☑ Reunión informativa e grupal das mestras de educación infantil cos pais e nais do alumnado de nova incorporación. Nesta reunión, facilitaráselle pautas concretas referidas ao período de adaptación dos nenos e nenas.
- ☑ Entrevista entre as profesoras-titoras e os pais e nais para solicitar datos de avaliación inicial do alumno/a e para informar das cuestións organizativas e didácticas que se consideren oportunas. Levarase a cabo no mes de setembro ou outubro.
- ☑ En todo este proceso deberá estar implicado o Departamento de Orientación para colaborar co Equipo Docente naquelas cuestións que se consideren oportunas.

A NIVEL DE AULA

- ☑ Estudio da documentación existente e das fichas rexistro dos novos alumnos e alumnas.
- ☑ Durante o mes de setembro o horario para o alumnado de nova incorporación será flexible e máis curto.
- ☑ Desde a xefatura de estudos, arbitraranse e organizaranse apoios de profesorado ao longo do período de adaptación.

➤ PROPOSTAS E SUXESTIÓNS.

Os efectos inmediatos que a escolarización produce nos nenos e nenas son:

- ✓ A progresiva adquisición de autonomía.
- ✓ O desenvolvemento de relacións sociais.
- ✓ A ampliación e perfeccionamento da linguaxe.

Para facilitar o período de adaptación dos nenos e nenas de novo ingreso, é conveniente que os pais e nais teñan en conta os seguintes aspectos:

- ✓ **Mostrar confianza e seguridade na escola, amosando unha actitude serea e tranquila** de cara á separación que supón a escolarización. Hai que empezar por aceptar persoalmente a separación. Os pais e nais sobreprotectores provocan nos seus fillos e fillas un maior grao de dependencia emocional. Se os pais e nais viven esa separación con medo ou angustia, transmitiranlla ao seu fillo/a, polo que a súa adaptación á escola será máis longa e difícil. A situación contraria produce o mesmo efecto de angustia cando o neno e nena se sente abandonado no colexio e percibe que para os pais e nais é un alivio desfacerse del ou dela.
- ✓ **Crear actitudes positivas respecto á escola**, ofrecerlle información doutros nenos e nenas que xa están asistindo á escola, darlle unha visión coherente e non fantástica que poda crear falsas expectativas. Vivenciar o proceso como un logro de madurez, de "ser quen de...". Se é posible, visitar o colexio con anterioridade para que a nena ou o neno poda ter unha idea real. Atender a posibles temores e preocupacións que as pequenas e pequenos poden ter e que non sempre teñen porque se axustar á lóxica do adulto. Intentar dar resposta a esas inquedanzas con tranquilidade e con calma.

- ✓ **Non facer comentarios negativos sobre a escola** evitando ameazas e facendo que con elas vexa o colexio como un lugar hostil no que terá que seguir unha disciplina máis estrita que na casa. A imaxe que un neno ou nena teña da escola será unha imaxe positiva e non represiva. Intentar que aqueles logros de autonomía precisos para favorecer unha mellor integración no colexio estean nun período moi avanzado: non esperar a setembro para retirarlle a sesta, o cueiro, a comida batida, etc.
- ✓ **Facilitar información á persoa docente** que poida ser de interese e sirva par un maior coñecemento do neno ou nena. Así contribuiremos a facer da escola un espazo no que se poidan ter en conta as características persoais dos seus fillos e fillas e favoreceremos a súa integración.
- ✓ **Coñecer e prever cales son as reaccións máis habituais no alumnado durante este período:** alteracións do sono, rabietas, choros, vómitos, agresividade... para ser constantes e non ceder a posibles chantaxes.

É preciso:

- ⇒ Conversar, escoitar e interesarse polas actividades da escola.
- ⇒ Falar cun vocabulario axeitado, nomeando as cousas correctamente. Trátase que o neno ou nena aprenda a linguaxe dos adultos e non que os adultos inventen unha linguaxe infantil.
- ⇒ Repetirlle ben a palabra cando a pronuncie mal.
- ⇒ Procurar interpretar con calma e con visión de adulto aquelas interpretacións infantís que teñen unha relevancia relativa.
- ⇒ Compartir cos nenos e nenas o pracer da lectura de contos.
- ⇒ Respectar horarios de sono, comidas, xogo, ...
- ⇒ Controlar o tempo diante do televisor.

⇒ Facilitar a relación de xogo con outros/as nenos/as, observando o comportamento e corrixindo aquelas actitudes inadecuadas.

⇒ Facilitar a relación con outros ambientes e persoas fóra do núcleo familiar, acostumando ao neno/a a estar separado dos seus pais por unhas horas.

⇒ Procurar vivir a experiencia da escolarización como un reto de madurez na vida do neno/a.

⇒ Procurar confiar no profesorado. Esta confianza aparecerá cando a familia estableza a relación de intercambio de información, resolución de dúbidas, percepción de que a persoa que está ao cargo do seu fillo/a é un profesional e sabe o que fai (sexa novo, maior, alto, baixo, home, muller, serio ou sorrinte, ...). Con frecuencia son os propios nenos e nenas os que acaban transmitindo á familia a seguridade e confianza na escola e no profesorado. Pasado un pequeno tempo de adaptación, a maioría das veces "a profe de infantil" convértese nun referente para a nena/o e pasa a formar parte dos adultos cos que se sente seguro/a, confiado e feliz, conseguindo así que a súa familia tamén o considere da mesma maneira.

É mellor non facer:

⇒ Non crear expectativas que idealicen a nova situación, ("alí o vas pasar sempre moi ben, terás moitos xoguetes e moitos amigos/as, vas poder pintar canto queiras, ...").

⇒ Enganar ao neno/a, xa que a desconfianza xera moita inseguridade. Evitaremos marchar sen que se decate, procuraremos non asegurar o que non imos cumprir ("está aquí un pouco e xa veño").

⇒ Amosar desconfianza no profesorado, porque esta actitude se transmite aos nenos e nenas. A familia pode opinar, xulgar e preocuparse polo que sucede na vida escolar do seu fillo/a, pero ten que facelo coa titora e sen que o neno/a participe.

⇒ Non xulgar polas aparencias e desconfiar das informacións de persoas alleas que parecen coñecer e saber todo de todo e que opinan de educación coma expertos aínda que non o sexan.

É moi importante ensinalle ao neno/a **hábitos de autocoidado e autonomía persoal:**

Aseo e hixiene: pedir para ir ao WC, saber ir só e limparse sen axuda. Lavar as mans, a cara, secarse, soarse, ...

Vestido e alimentación: quitar e poñer o abrigo, colgalo, subir - baixar cremalleiras, abrochar - desabrochar botóns, mastigar, estar sentado á mesa durante a comida, empregar a servilleta, ...

Coidados co propio corpo: recoñecer o perigo de tocar enchufes, meter os dedos nos marcos das portas, ser quen de dar conta do que lle sucede cando non se atopa ben, ...

Sono e descanso: deitarse cedo e levantarse con tempo para almorzar con calma (é imprescindible vir almorzado á escola), durmir nunha habitación independente da dos pais, ...

Relación co contorno: saudar, pedir algo, empregar "por favor e grazas", xogar con outros nenos/as, recoller os xoguetes e as súas cousas, ...

Normas e Recomendacións:

O Colexio establece unhas normas que facilitan a convivencia e a organización do traballo no centro. As familias deben coñecelas e respectalas para contribuír ao normal desenvolvemento da vida escolar.

En Educación Infantil somos conscientes da necesidade dunha coordinación e cooperación entre a familia e a escola, de xeito que non se produzan contradicións entre os dous ámbitos. As familias teñen a oportunidade a través da hora de titoría de facilitar esa comunicación imprescindible, así como de presentar todas aquelas dúbidas e problemáticas, relacionadas coa educación dos seus fillos/as, que consideren oportunas.

A asistencia á escola farase en horario completo, evitando na medida do posible as ausencias sen xustificación.

Cando un neno/a non pode asistir ao centro, a familia deberá notificalo, ben con antelación se a ausencia está prevista ou ben o antes posible, en caso de tratarse dun imprevisto.

As entradas e saídas faranse no horario establecido. Prégase a máxima **puntualidade nos casos nos que non se utiliza o transporte escolar.**

Nas entradas os nenos/as entran no colexio acompañados unicamente do profesorado; os familiares non entran con eles no edificio.

Non está permitido entrar no colexio nin nas aulas durante o horario das clases, agás coa autorización do profesorado.

A roupa que empregan os nenos e nenas para vir ao colexio debe ser cómoda e de fácil manexo para eles. Tirantes, cintos, lazos e broches complexos ocasionan moitos problemas.

O calzado debe reunir as condicións necesarias para que os nenos/as podan desenvolverse con autonomía polo colexio. Recomendamos que o calzado deportivo sexa de velcro, e as botas e zapatos de cremalleira ou goma.

En ningún caso se enviará ao neno/a ao colexio se está enfermo ou se sospeita que pode estalo ao longo do día.

Calquera alerxia ou particularidade que se considere de interese deberá ser notificada á titora correspondente.

Non se admitirá ningún neno/a que non controle esfínteres, a non ser que padeza algunha minusvalía. As familias serán as responsables de solucionar os incidentes que se produzan en relación co control de esfínteres, unha vez que o centro os comunique.

Calquera cambio que se produza na vida do neno/a ao longo do curso e que se considere de interese, deberá ser comunicado ao centro.

É importante prestar atención ás notificacións que se mandan desde o colexio.

➤ CALENDARIO E HORARIO.

O período de adaptación durará dende o inicio de curso ata o 24 de setembro. A incorporación ao centro dos novos alumnos/as será progresiva.

Faranse grupos para distribuír ao alumnado. O número de alumnos/as que estará na aula en cada grupo e o horario destes, dependerá do número de nenos/as matriculados.

A organización dos grupos será flexible e sempre procurando atender ás necesidades das familias.

As familias serán informadas con suficiente antelación da organización dos grupos e dos horarios. Ante calquera dúbida dirixirse sempre ás titoras de educación infantil ou ao equipo directivo.

➤ AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA.

O equipo de profesores/as de educación infantil analizará e reflexionará sobre o proceso de adaptación, sempre co fin de intentar mellorar.

Para a avaliación da acollida do alumnado no centro, establecemos os seguintes indicadores:

EN RELACIÓN CO ALUMNADO:

- Se o alumno/a adaptouse ben ao grupo.
- Grao de integración dos alumnos/as nas actividades de clase.
- Percepción que o alumnado ten do centro (lugar agradable, pouco agradable, ...).

EN RELACIÓN CO PROFESORADO:

- Foron motivadoras as actividades levadas a cabo?
- Conseguíronse os obxectivos propostos no Plan de Acollida?
- Controláronse as posibles situacións problemáticas que xurdiron nas actividades de acollida?
- A organización do centro foi a adecuada durante o desenvolvemento do Plan?
- Funcionaron os mecanismos de coordinación?

EN RELACIÓN COAS FAMILIAS:

- Houbo unha boa resposta das familias ás actividades de acollida?
- Aportaron suxestións ao desenvolvemento do Plan de Acollida ou en relación á organización do proceso educativo?

➤ REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E LEXISLATIVAS.

- Alpi, L. e outras (2003): "Adaptación a la escuela infantil". Madrid, Narcea.
- Coll, C. (1991): "Psicología y Currículum". Barcelona, Paidós.
- Xunta de Galicia (2007): "O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?".
- Bassedas, E., Huguet, T. e Solé, I. (1998): "Aprender y enseñar en Educación Infantil". Barcelona, Grao.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e Primaria.